

A CONQUISTA ROMANA DE GALICIA

► As primeiras expedicións

Temos noticias polas fontes escritas clásicas de varias expedicións romanas ao noroeste. A primeira é a levada a cabo por **Décimo Xunio Bruto** no ano **137 a.C.**, que sobe pola costa dende o río Texo ao Douro conquistando cidades e sometendo pobos. Os autores clásicos fálannos da forte resistencia que atopou sobre todo por parte dos *Brócaros*, saíndo vitorioso e recibindo por todo isto en Roma honores militares e o sobrenome de **Galaicus**.

Bruto continuou a súa expedición e cruzou o río Limia, considerado como o **Lethes** ou río do esquecemento, superando a superstición que nos relata **Apiano** de que os que o cruzaban perdían a memoria. Seguiu avanzando ata chegar ao Miño, onde se detivo, posiblemente debido aos problemas que lle orixinaron os pobos da retagarda ou tamén, segundo a tradición, por un escrúpulo relixioso ao ver poñerse o sol no Atlántico, o que daba a impresión de que o leste era engulido polo mar.

Tras vencer de novo aos *Bracari*, regresaría a Roma pola Celtiberia, onde axudaría a **Lépido** na súa loita contra os indíxenas. En Roma, como comentamos, recibirá os honores do triunfo do que se fan eco tanto as fontes escritas coma os testemuños arqueolóxicos, como son algúns monumentos conmemorativos de Roma.

O resultado desta expedición foi que o territorio costeiro comprendido entre o Douro e o Miño quedaba explorado e, máis ou menos, sometido ao control romano. Aínda que con posterioridade abundarán as revoltas e insubmisións nesta zona, non obstante o influxo romano empezárase a sentir no mundo castrexo.

Parece un feito comprobado que existen indicios arqueolóxicos desta incursión como son, entre outros, algúns niveis de destrución de grandes castros do norte de Portugal como Briteiros, Santa Lucía ou Sanfins, ou a presenza de cerámica campaniense no castro interior galaico do Castelo de Laias (Cenlle, Ourense). Ademais, a partir de agora iníciáanse os intercambios comerciais directamente con Roma e non a través de intermediarios como podían ser os púnicos.

Este interese comercial de Roma co noroeste aparece patente na expedición do procónsul da Ulterior **Publio Craso** (96-94 a.C.) en busca das **illas Casitérides** e as súas minas de estaño. Segundo **Estrabón**, este abrirá as rutas e mercados deste prezado mineral.

Isto demostraría que xa dende a expedición de **Décimo Xunio Bruto**, as consecuencias non foron só militares, senón que a partir dela se multiplican os contactos entre o mundo indíxena e o romano.

Desta época e dos contactos con Roma xa se coñecen en Galicia materiais romanos como son as cerámicas campanienses e numismática que aparecen xeralmente nas franxas costeiras, debido a un comercio marítimo.

Xulio César realiza unha expedición no ano **61 a.C.** en busca de botín para poder pagar aos seus acredores de Roma e chega ata o golfo **Ártabro**, é dicir, ás rías de Betanzos, Ferrol e A Coruña. Os autores clásicos describíennos a impresión que as súas naves militares causaron nos indíxenas que non estaban familiarizados con este tipo de barcos. Antes de chegar a Galicia, vence aos lusitanos insurrectos no **Mons Herminius**, no centro de Portugal e rendeu os rebeldes que se refuxiaron nunha illa, coa axuda dunha flota chegada de Cádiz mandada pola familia dos Balbos. Dende **Brigantium** (A Coruña), abandona Galicia utilizando a citada flota, deixando aberta unha ruta comercial fundamentalmente costeira.

Xulio César leva a cabo, non unha grande expedición de conquista terrestre-marítima, como defenden algúns investigadores, senón unha *razzia* costeira con varios desembarcos e áxiles incursións cuxa única finalidade sería o botín.



Mapa: *C. Julii Caesaris rerum ab se gestarum comentarii* (París, 1560) Biblioteca USC. Obsérvase o río **Lethes** (Limia) e o **Minus** (Miño)

sertoriano **Perpenna** realiza operacións contra os galaicos. O mesmo fai **Fabio Máximo**, legado de César no 47-46 a.C. Todas estas operacións, tanto militares coma comerciais, posiblemente facilitan a entrada na órbita romana de zonas costeiras occidentais e a área meridional de Galicia.

► As guerras cántabras

Das **Guerras Cántabras** dan ampla información os autores clásicos **Dión Casio**, **Floro** e, en época tardía, **Orosio**. Aínda así, cómpre dicir que as súas informacións non sempre son fiables, xa que confunden operacións militares, datas, nomes dos xenerais e lugares de batalla.

Cando no ano 29 a.C. estoura o conflito entre Roma e os pobos insubmisos do norte, especialmente ástures e cántabros, non parece que os galaicos desempeñasen un importante papel ata que o actual territorio galaico quedou fóra do teatro das actividades bélicas, malia que aínda non formaba parte do Imperio Romano baixo o seu control político e económico. O papel principal desempeñano os cántabros e, en menor medida, os ástures. O papel da **Gallaecia** é a modo de retagarda e o autor que fai alusión a ela é **Orosio** no século V d.C. Así, fálanos da heroica resistencia do **monte Medulio**, onde os resistentes prefiren o suicidio á rendición.

A expedición de César, como defenden algúns autores como Rodríguez Colmenero, foi eminentemente comercial e, como dixemos, depredatoria, sen lle interesar consolidar a custosa ocupación dun territorio, tal e como se demostrou con posterioridade coas **Guerras Cántabras**.

No entanto, esta expedición permitiu ampliar os contactos con Roma, existentes xa con anterioridade, e establecer unha rede de relacións co mundo castrexo, á vez que conseguiría uns coñecementos xeográficos que ao cabo serían moi útiles para a apertura de novas rutas comerciais e para o mellor coñecemento do terreo. Todo isto favorecería a intervención militar romana nas **Guerras Cántabras**.

A falta de resistencia a esta expedición, que lle permitiu a **César** comprobar as riquezas mineiras —especialmente o ouro— que gozaban xa de fama en todo o occidente e encher as súas arcas, pode ser unha mostra de que a influencia romana estaba presente posiblemente xa dende a expedición de **Craso**.

Con anterioridade ás **Guerras Cántabras**, seguen as expedicións e os contactos de Roma co noroeste peninsular. Así, no ano 74 a.C., o xeneral

Este foi un tema que gozou de gran popularidade e difusión entre os investigadores, xa que a súa resistencia á conquista romana é comparable á de Numancia. Desenvolvéronse amplos debates sobre a situación deste famoso monte e distintos investigadores propuxeron varios lugares. Na actualidade segue sen saberse onde estaba situado, xa que os datos achegados por **Paulo Orosio**, autor tardío do século V d.C. —"**Medullium montem Minio imminentem**"— son moi confusos e ambiguos, e permiten unha ampla gama de posibilidades de localización. Ata hai autores que desconfían de que fose un feito histórico desta guerra, xa que o que máis detalles nos achega é o citado autor, que viviu moitos anos despois de que se desenvolvesen as citadas **Guerras Cántabras**.

No ano 29 a.C. iníciáanse as hostilidades e **Statilio Tauro** somete a ástures e cántabros, o que lle valeu o título de imperator, que lle outorgou **Augusto**. Ao ano seguinte xorden novas revoltas que obrigan a intervir a **Calvisio Sabino**, que os volve derrotar.

No ano 27 a.C. sublévanse de novo, o que motivou unha nova intervención de **Sexto Apuleyo**, que os volve vencer, pero estes triunfos eran máis propagandísticos ca reais, o que obriga a **Augusto** a intervir persoalmente. Este e os seus xenerais serán os que realicen a conquista do noroeste coas chamadas **Guerras Cántabras**, que se inician no ano 29 a.C. e terminan no 16 a.C.




Anverso e reverso dunha moeda do legado de Augusto P. Carisio, procedente de Mérida (MNAR)

As razóns que levaron a **Augusto** á conquista destes territorios son varias. Entre elas pódense citar os motivos de orde estratéxica e económica. Tratábase de controlar os cántabros que con frecuencia realizaban expedicións de saqueo nos pobos da meseta, ricos en cereais e que estaban baixo o control de Roma. Doutra banda, a submisión dos pobos do norte, que despois de 200 anos da presenza romana na Península seguían sen estar sometidos, era un obxectivo atractivo para calquera xeneral romano que aspirase a gobernar Roma. Ademais, coa conquista Roma podería beneficiarse da explotación dos recursos mineiros, en especial o ouro, que gozaban de fama en todo o mundo romano.

Outros motivos que influíron na conquista serían as causas de prestixio persoal de **Augusto**. Tratábase de afianzar o seu prestixio político en Roma conquistando uns territorios, pouco desenvolvidos e con pouco potencial militar, pero que continuamente fustrigaban o poder romano. Co seu sometemento, **Augusto** podía completar a conquista de toda a Península Ibérica, ocupando uns territorios en cuxa conquista fracasaran outros xenerais romanos, e así levar os límites do imperio ata as súas fronteiras naturais. Todo iso aparece reflectido na propaganda que tivo en Roma esta expedición, como mostra o feito de que no ano 24 a.C. mandou pechar as portas do **templo de Xano** en Roma como sinal de que todo o imperio estaba pacificado.

Augusto empregou un ataque simultáneo con tres columnas con base en **Bracara** (Braga) que atacarían os galaicos que resistirían no famoso **monte Medulio** citado por Orosio. As outras dúas partirían de **Asturica** (Astorga) e de **Segisamo** (Sasamón, Burgos) e a primeira atacaría os ástures e a segunda os cántabros. Este avance por terra complementábase cun ataque por mar na costa cantábrica coa axuda dunha escuadra procedente de **Aquitania**, na **Galia**. As lexións utilizadas na conquista son, na zona cántabra, a **I Augusta**, a **IV Macedónica**, a **V Alaudae** e, na área lusitana, a **X Gemina** e a **VI Victrix**.

As dificultades orográficas, a belicosidade e resistencia dos indíxenas, así como unha enfermidade de **Augusto**, fan que este se retire a **Tarraco** (Tarragona). Continúan a campaña os seus xenerais **Carisio** e **Antistio**. Este último someterá os cántabros grazas ás vitorias de **Aracillum**, **Mons Vindius** e **Vellica**.



O outro xeneral, **Carisio**, partindo da **Lusitania** e con base de operacións en Astorga e Lugo, no ano 25 a.C., derrota os ástures, toma **Lancia** (proximidades de León) e asedia e vence a resistencia dos habitantes do **monte Medulio**.

Con posterioridade, ata o ano 19 a.C., prodúcense escaramuzas e enfrontamentos con Roma por parte dos ástures e especialmente os Cántabros, obrigando a intervir ao xeneral **Caio Furrio**.

Todo isto fai que neste ano **Augusto**, ao se decatarse da perigosidade dos cántabros, mande ao seu máis experto xeneral, **Agripa**, que coa axuda do gobernador da Tarraconense, **Silio Nerva**, remata a conquista definitiva do noroeste peninsular no ano 16 a.C.

Con este motivo eríxense en honor a **Augusto** as *Aras Sestianas*, cuxa localización xeográfica é un tema moi discutido.



A GRAN HISTORIA DE GALICIA

A GALICIA ROMANA

VOLUME I, páxinas 9-17

José Manuel Caamaño Gesto

Arrecife Edicións Galegas S.L. A Coruña, 2007